

Fórmulas rutineiras na teoría e na práctica

Marek Laskowski¹

Uniwersytet Zielonogórski

Este artigo pretende ilustra-la situación teórica e práctica das fórmulas rutineiras en alemán. Nesta investigación, trátase de afondar nas relacións entre os aspectos teóricos e o uso real das expresións rutineiras. Este tipo específico de unidades fraseolóxicas vese reflectido tanto na lingua coma na comunicación en si mesma. Ademais, pódense detectar facilmente as relacións entre o falante e o oínte. Algúns exemplos de fórmulas rutineiras son: *ola, adeus, vémonos, é dicir, a dicir verdade, por así dicilo, que díaño?, mira*.

Palabras clave: fórmulas rutineiras, expresións rutineiras, unidade fraseolóxica, sintaxe, semántica, situación, interacción, fraseodidáctica.

This paper presents the position of routine formulaes in German as far as the theory and practice is concerned. In my research I aimed at finding more about the relationships between the theoretical aspects and practical use of the routine expressions. This specific type of phraseological units is reflected in both the language and practical communication itself. Moreover, the dependencies between the speaker and the listener can be easily detected. Here are some examples of the routine expressions: hello, bye, see you, let's say, to tell the truth, so to speak, what the hell for?, look at this.

Keywords: routine formulae, routine expressions, phraseological unit, syntactics, semantics, situation, interaction, phraseodidactics.

1. Introducción

En tódolos diálogos da vida cotiá escollidos *ad libitum* pódense determinar numerosas fórmulas fixas. Na presente contribución, que pretende servir tanto de explicación do termo das fórmulas rutineiras como tamén da fixación do obxecto deste tipo fraseolóxico, ocuparémonos dos seguintes temas:

Data de recepción 03/06/2009 Data de aceptación 28/07/2009

¹ Tradución de Martina Silva López.

- explicación e exemplificación aproximada das fórmulas rutineiras;
- intento de diferenciar entre fórmulas rutineiras e outros tipos fraseolóxicos;
- esencia e funcións das fórmulas rutineiras;
- dimensión glotodidáctica auténtica das fórmulas rutineiras.

Os problemas que imos abordar constitúen o eixe central das nosas reflexións, que pretendemos ir solucionando.

2. Explicación e exemplificación das fórmulas rutineiras

Comezarémo-la nosa discusión coa explicación e exemplificación das fórmulas rutineiras na bibliografía especializada. Mentres que uns lingüistas se guían polas situacións e os contextos, outros investigadores opinan que estas se inclúen nos diálogos de forma mecánica e inconsciente.

2.1 Sobre a terminoloxía

As combinacións de palabras que constitúen o noso obxecto de discusión (*Routineformeln*, ‘fórmulas rutineiras’ (Burger 1998, Kühn 1987, Coulmas 1981)) denominanse na bibliografía especializada *kommunikative Formeln*, ‘fórmulas comunicativas’ (Fleischer 1997); *Sprechaktformeln*, ‘fórmulas da fala’ (Palm 1995); *pragmatische Idiome*, ‘xiros pragmáticos’ (Burger 1973); *phraseologische Formeln*, ‘fórmulas fraseolóxicas’ (Pilz 1978); *Umgangsformeln*, ‘fórmulas de trato’ (Afonkin 1976); *Konversationsformeln*, ‘fórmulas conversacionais’ (Isabekov 1972); *Situationsmodelle*, ‘modelos de situación’ (Wenzel 1972); *Äußerungsformeln*, ‘fórmulas declarativas’ (Glöckner 1973); *dialogtypische Wortverbindungen*, ‘combinacións de palabras típicas do diálogo’ (Petschler, Zoch 1974); *pragmatische Phraseologismen*, ‘fraseoloxismos pragmáticos’ (Burger, Buhofer e Sialm 1982, Stein 1995, Laskowski 2003). Constatando que as expresións automatizadas serven para o dominio das situacións comunicativas, Coulmas (1981), Lüger (1993), Laskowski (2003) e Sosa Mayor (2006) reducen o discurso a un común denominador mediante as fórmulas rutineiras. Esta suposición explica Donalies (2009: 99) da seguinte maneira: “Desenvolvéronse a partir da rutina das nosas relacións sociais e son, no mellor sentido da palabra, produtos dunha man invisible. Quen emprega fórmulas rutineiras apóiase no experimentado, acreditado, no usual.”

Despois de expoñermos brevemente os problemas de denominación das combinacións de palabras analizadas, discutiremos sobre a súa esencia e clasificación.

2.2 Esencia e tipoloxía das fórmulas rutineiras

As fórmulas rutineiras son *in praxi* fórmulas fixas (*immer mit der Ruhe!*, ‘sempre con calma!’; *Nun mach aber einen Punkt!*, ‘Basta xa!’); *Abschiedsformeln*, ‘fórmulas de despedida’ (*Auf Wiedersehen!*, ‘Ata pronto!’); *Bemerkungen*, ‘observacións’ (*Der Ofen ist aus!*, ‘Acabouse’); *Ausrufe*, ‘exclamacións’ (*Sei kein Frosch!*, ‘Non sexas galiña!’); *Dankesformeln*, ‘fórmulas de agradecemento’ (*vielen Dank!*, ‘moitas grazas!’); *Fragen*,

‘preguntas’ (*Wie stehen die Aktien?*, ‘Como van os negocios?’); *Fluchformeln*, ‘fórmulas de maldición’ (*zum Donnerwetter noch mal!*, ‘diaños!’); *Grüßformeln*, ‘fórmulas de saúdo’ (*Hallo*, ‘Ola’); *Kommentare*, ‘comentarios’ (*Aha, daher weht der Wind!*, ‘Xa, por aí van os tiros’); *Konversationsformeln*, ‘fórmulas conversacionais’ (*bitte mal herhören*, ‘por favor escoiten/escoitade’); *Scheltformeln*, ‘fórmulas de reprimenda’ (*zum Henker!*, ‘Ó diaño!’); *Stimulierungsformeln*, ‘fórmulas de estimulación’ (*Na, wird’s bald?*, ‘Que, é para hoxe?’); *Tischformeln*, ‘fórmulas de mesa’ (*Bedienen Sie sich bitte!*, ‘Por favor, sírvanse’), que a linguaxe nos pon a disposición e listas para o uso en determinadas situacións (comp. Wotjak e Richter 1997). Nalgunhas situacións non temos que pensar moito e atopamos rapidamente expresións adecuadas que encaixan ben no contexto e que poden manifestar diferentes intencións, por exemplo, recoñecemento, eloxio (*Der war nicht von schlechten Eltern!*, ‘Non é moco de pavo’); rexeitamento, negativa, (*Da lachen ja die Hühner!*, ‘Isto é de risa’); confirmación, animación, aprobación (*Hand aufs Herz!*, ‘Coa man no peito’; *Na dann wollen wir mal!*, ‘Entón empecemos!’); ameaza, advertencia, aviso (*Wir sprechen uns noch!*, ‘Xa falaremos’); indignación (*Das ist doch der Gipfel!*, ‘Isto é o colmo’); abraio, sorpresa (*Da wird ja der Hund in der Pfanne verrückt!*, ‘Non o podo crer!’); resignación (*Dann gute Nacht!*, ‘Apaga e vámonos’); importancia (*Da liegt der Hund begraben*, ‘Velaí o quid da cuestión’); exhortación para ter paciencia (*Abwarten und Tee trinken*, ‘Paciencia e barallar’); exhortación para esquecer (*Schwamm drüber!*, ‘A outro choio, furacroio’).

A continuación, centrarémonos na clasificación das fórmulas comunicativas.

2.2.1 Aspectos sintáctico-semánticos e pragmáticos das fórmulas rutineiras

Desde un punto de vista sintáctico, as combinacións de palabras analizadas son moi heteroxéneas: cun único compoñente (*Abgemacht!*, ‘De acordo!’), con dous compoñentes (*Gute Fahrt!*, ‘Boa viaxe!’) e mesmo frases completas (*Das schlägt dem Fass den Boden aus!*, ‘É o colmo!’). Por esta razón, é evidente que a estabilidade estrutural destes modelos situacionais é, polo xeral, mínima e estes, ademais, son moi variables. Existen poucas combinacións de palabras típicas do diálogo que estean totalmente consolidadas ou limitadas a unhas poucas variantes (*meiner Ansicht nach/nach meiner Ansicht, meiner Meinung nach, nach meiner Meinung, und so weiter, und so weiter und so fort*, ‘na miña opinión, para a miña idea etc.’). A maioría das fórmulas rutineiras presentan, en caso favorable, un marco fixo que permite un cubrimento léxico variable (*wie oben/früher/vorstehend/nachstehend/untern/an manchen Stellen erwähnt/angegeben, das will ich ganz deutlich, genau, klar, unmissverständlich... sagen*, ‘como arriba/antes/máis arriba/a continuación/abaixo indícase/nalgunhas partes mencionado/indicado, queroo dicir claramente, exactamente, rotundamente...’)

A súa estabilidade determínase, en gran medida, grazas a que poden ser seleccionadas polos falantes como unidades accesibles para o dominio de exercicios comunicativos que se reproducen, principalmente, en fases expostas e críticas das relacións lingüísticas interpersoais (Laskowski 2003:123). O aspecto pragmático das fórmulas rutineiras foi considerado, entre outros, por Fleischer (1997:126).

As fórmulas declarativas son, preferentemente, “usadas como sinais que dividen o texto ou dirixen a comunicación, non como unidades de denominación”.

En relación ó mencionado, debemos falar de fórmulas comunicativas. Burger (1988:52) é da mesma opinión ca Fleischer e destaca que, dende un punto de vista pragmático, ás fórmulas rutineiras atribúenselles “funcións nos ámbitos da orientación da conversación (asunción, conservación e cambio de turno do rol do falante etc.), da división do texto e da relación dos interlocutores (protección da imaxe, chamadas de atención etc.)” Os seguintes exemplos ilustran o dito: I) A: *Wir haben uns aber lange nicht gesehen. Wie stehen die Aktien?*, ‘Hai xa tempo que non nos vemos. Como che van os negocios?’; B: *Danke, es geht alles seinen Gang. Und bei dir?*, ‘Grazas, todo segue o seu curso. E a ti como che vai?’; A: *Stell dir vor, ich muss noch mal die Schulbank drücken, das wird mit zwei Kindern ganz schön hart.* ‘Imaxínate, teño que volver á escola. Iso vai ser moi duro con dous rapaces’; B: *Das stimmt. Aber wie ich dich kenne, machst du das mit links. Da muss eben jetzt dein Mann tüchtig mit ran,* ‘Iso é certo. Pero coñecéndote faralo cos ollos pechados. O teu marido terá que arrima-lo ombro’; A: *Das sag ihm mal selber, da kommt er gerade,* ‘Iso díllo persoalmente, aí vén’. II) A: *Stimmt das, du willst dein Studium aufgeben?*, ‘É verdade que queres abandona-los teus estudos?’; B: *Wer hat dir denn den Bären aufgebunden?*, ‘Quen che foi con ese conto?’; A: *Ich habe das schon von verschiedenen Seiten gehört,* ‘Xa o teño escoitado en varios sitios’; B: *Mensch Heiner. Sehe ich so aus/ Wo denkst du hin! /Ich mach doch nicht fünf Minuten vor 12 schlapp./ Da siehst du mal wieder, was alles so geredet wird.* ‘Home, Heiner! Teño cara de/ Cres que! /Non tiro a toalla pouco antes da hora/cando case chegou o momento / Xa ves todo o que se fala’ (Wotjak e Richter 1997:101). No segundo diálogo, pódense observar diferentes formas aceptables que se poden utilizar alternativamente; algo que está moi relacionado co carácter comunicativo dos fraseoloxismos e que pode facilita-lo proceso de produción lingüística.

É destacable que, desde un punto de vista semántico, moitos deles compartan cos fraseoloxismos referenciais a perda do seu significado literal, pero, ó contrario ca eles, non desenvolveron un novo significado que poida ser descrito semanticamente.

As características das fórmulas rutineiras debatidas neste parágrafo influíron esencialmente na súa clasificación.

2.2.2 Sobre a tipoloxía das fórmulas rutineiras

En xeral, distínguense dous grandes grupos de fórmulas rutineiras: as ligadas funcionalmente a un determinado tipo de situación (Coulmas 1981:83 e ss.) e as que teñen funcións independentes da situación en textos escritos e orais (Stein 1995:240 e ss.)

Pilz (1978:63 e ss.) subliña que os grupos máis importantes de fórmulas comunicativas son as fórmulas de cortesía (fórmulas de contacto), entre elas a) fórmulas de saúdo (*guten Tag*, ‘Bos días’; *Wie geht’s*, ‘Que tal?’; *meine Damen und Herren*, ‘señoras e señores’; *Hals- und Beinbruch*, ‘Boa sorte’; *herzlichen Glückwunsch*, ‘Parabéns’); b) fórmulas conversacionais (*wenn ich fragen darf*, ‘Se me permite a pregunta’; *nicht für ungut*, ‘Non o tomes/ non o tome vostede a mal!’; *bitte mal herhören*, ‘Por favor, escoitade todos!’); c) fórmulas de mesa (*wohl bekomm’s!*, ‘Á vosa saúde!; *guten Appetit*, ‘Bo proveito!’; *bedienen Sie sich bitte*, ‘Sírvasse vostede!’); d) fórmulas de

agradecemento (*danke schön, ich danke Ihnen*, ‘Agradézocho/llo’; *haben Sie Dank*; ‘Moitas grazas!’); e) fórmulas de reprimenda e maldición (*zum Kuckuck!*, ‘Ó diaño!’; *zum Henker, zum Teufel*, ‘Que diaño!’); f) fórmulas de comentario e fórmulas de apelación ó interlocutor, que teñen como finalidade a observación ou a reacción ó comportamento do interlocutor ou demais circunstancias das formas de expresión de carácter estereotipado e da conduta comunicativa, entre elas fórmulas que expresan distintos sentimentos.

Stein (1995:137 e ss.) elaborou, mediante textos do corpus de lingua falada de Freiburg, unha tipoloxía da forma para o campo oral que estruturalmente contén elementos tan diferentes como os seguintes: *nicht wahr*, ‘verdade?’; *meines Erachtens*, ‘na miña opinión’; *ich meine*, ‘eu opino’; *hör mal*, ‘escoita’; *siehst du?*, ‘ves?’; *ehrlich gesagt*, ‘a dicir verdade’; *Wenn Sie (so) wollen*, ‘se vostede (así) quere’; *Darf ich dazu was sagen?*, ‘podo dicir algo ó respecto?’; *Wie ich schon sagte*, ‘como xa dixen’; *Wir sind der Auffassung*, ‘ó noso modo de ver’.

Fleischer (1997:130) achéganos ideas suxerentes sobre as fórmulas rutineiras e, como resultado das súas investigacións, chega a establece-la seguinte diferenciación deste grupo fraseolóxico:

- fórmulas de contacto, sobre todo fórmulas de saúdo como *Guten Morgen*, ‘Bos días’;
- fórmulas de reprimenda e maldición como *verflucht noch eins!*, ‘Maldita sexa!’;
- fórmulas de comentario como *Wer’s glaubt, wird selig*, ‘Máis parvo o que o crea!’;
- fórmulas de estimulación como *Na, dann wollen wir mal!*, ‘Empezamos entón!’

A este respecto, estou de acordo con Fleischer e opino que, coa axuda das fórmulas rutineiras, se garante a reciprocidade entre o falante e o oínte. A rutina lingüística é, desde logo, un fenómeno no que a función práctica non é, en efecto, unidimensional para a comunicación diaria da sociedade humana, senón moi complexa.

Burger (1998:29 e ss.) divide as fórmulas rutineiras en dúas clases. A primeira abrangue os saúdos, os parabéns e outros tipos de modelos de situacións comunicativas “que están fixadas en tipos de situacións que se poden definir de maneira moi xeral”. A estas fórmulas pertencen, sobre todo, os medios lingüísticos que marcan o principio e a fin dun intercambio de ideas, como por exemplo *Hallo*, ‘ola’; *Guten Abend*, ‘boas noites’; *Grüß dich*, ‘ola’; *Tschüss*, ‘adeus’. As interaccións típicas requiren fórmulas expresivas características do diálogo, por exemplo *Nehmen Sie hiermit meine tiefe Verachtung entgegen*, ‘reciba o meu profundo desprezo’; *Ich fordere Sie hiermit erneut auf...*, ‘pidolle de novo...’; *Ich wollte hiermit nur aufzeigen*, ‘con iso só quería demostrar’. Os modelos situacionais *Ich eröffne die Verhandlung, den Filmwettbewerb, diese neue Baustelle, den Wahlkampf, die Sitzung, die heutige Diskussion*, ‘Dou comezo ó debate, concurso de cine, a esta nova obra (de construción), campaña electoral, á reunión, á discusión de hoxe’ empréganse unicamente en ámbitos concretos e en circunstancias determinadas e a súa enunciación compéttelle habitualmente ó presidente, ó xefe dunha empresa ou a unha personaxe cun alto cargo. Estas combinacións de palabras son estables xa que determinados tipos de situacións se

manifestan en partes determinadas e funcionalmente definidas para lograr un efecto intencionado. O segundo tipo engloba fórmulas como *nach meinem Ermessen*, ‘ó meu xuízo’; *nicht wahr*, ‘verdade?’; *ich finde*, ‘eu creo’; *sieh mal*, ‘mira’ que son significativas principalmente na comunicación oral, na orientación da produción e na percepción da intención.

En palabras deste autor, “A estabilidade estrutural destas fórmulas é, polo xeral, escasa, polo que presentan unha gran variabilidade. A súa estabilidade pódese determinar, en primeiro lugar, porque están a disposición dos falantes como unidades accesibles para o dominio de tarefas comunicativas repetitivas, en particular en fases arriscadas e críticas da comunicación”.

Segundo Fleischer (1997:127), dende un punto de vista semántico, as fórmulas comunicativas divídense en tres grupos:

- fórmulas rutineiras totalmente idiomáticas, por exemplo *koste es was es wolle*, ‘custe o que custe’;
- fórmulas comunicativas parcialmente idiomáticas, por exemplo *abwarten und Tee trinken!*, ‘paciencia e barallar’;
- combinacións de palabras típicas do diálogo non idiomáticas, por exemplo *Ich bin dabei*, ‘participo’.


Tódalas clasificacións das fórmulas rutineiras descritas teñen en común que son utilizadas como sinais que dividen o texto e dirixen a comunicación e que como modelos situacionais acabados están previstos para contextos pragmáticos moi determinados. Na clasificación das fórmulas rutineiras tense en conta, sobre todo, a práctica das actividades que subxacen a estas: anotar á marxe, blasfemar, saudar, contactar, corrixir, reprender, estimular, guiar etc. Nese caso, a estereotipia da interacción ten un papel importante, na que os interlocutores (emisor – receptor) intercambian os seus papeis.

2.2.3 Criterios para a caracterización das fórmulas rutineiras segundo o tipo de secuencia conversacional

Do antes citado dedúcese que as fórmulas rutineiras exercen as súas funcións tipicamente comunicativas e forman un modo de secuencias da conversación convencionalizadas que se usan dependendo da situación (saúdos, despedidas, comentarios, rituais de cortesía etc).

A secuencia conversacional é unha unidade de conversación formada a partir dos pasos que se seguen na conversación e que se condicionan mutuamente. Estes pasos pódense realizar de distintas maneiras.

Co termo *secuencia da conversación* désígnanse normalmente parellas de secuencias nas que a primeira parte da conversación actúa de inicio e a seguinte corresponde ás convencións, como era de esperar. Isto ilústrase mediante algúns exemplos da seguinte maneira:



Na secuencia construída organízase, polo tanto, a consolidación da comunicación. Despois de ser iniciada a interacción interindividual e integrativa, o seguinte falante debe acopla-la súa contribución ó discurso á implicación do *turn* (cambio lingüístico) anterior. O receptor oriéntase cara ás manifestacións do emisor e viceversa. Deste xeito, xorde unha correlación interdependente entre os interlocutores. As persoas que se comunican centran a súa dedicación lingüística en logra-lo efecto pretendido no marco da interacción. Isto obsérvase, por exemplo, nas secuencias de pregunta-resposta esbozadas anteriormente. Observemos, en primeiro lugar, a integración dun requirimento en forma de fórmula rutineira nun contexto concreto: *Ich darf dich so nicht herauslassen. – Nur für zwei Minuten. Ernst, sei kein Frosch!*, ‘Non te podo deixar saír así. –Só dous minutos. Ernst, non sexas galiña!’ (Duden 11 2002:244). Ernst pode reaccionar naturalmente de dúas maneiras: ou pode acceder á petición e quedar uns minutos máis como invitado ou non cumpri-lo requirimento e, se é así, ignora-lo anfitrión, desculparse ou simplemente despedirse e marchar para a casa. A reacción depende de factores profesionais, temporais, convencionais e de saúde ou semellantes.

Se alguén nos fai unha pregunta como: *Haben Sie gut geschlafen?*, ‘Durmiu ben?’, se durmimos ben, podemos responder: *Danke, ich habe geschlafen wie ein Murmeltier*, ‘Grazas, durmín coma unha pedra’. Ante a fórmula interrogativa *was gibt es Neues?*, ‘que hai de novo?’, podemos esperar reaccións do tipo: *Danke, nichts Besonderes*, ‘Nada de particular, grazas’ ou *Danke alles beim Alten*, ‘Sen novidades, grazas’. Segundo a situación, naturalmente, existen outras moitas posibilidades para unha resposta verídica.

No seguinte diálogo, atopamos unha secuencia conversacional interesante: comprobación – requirimento – pregunta – explicación, que estrutura o diálogo: A: *Du machst ein Gesicht wie sieben Tage Regenwetter*, ‘Pos cara de acelga’; B: *Ach, lass mich in Frieden!*, ‘Ai, déixame en paz’; A: *Nanu, wo brennt’s denn?* ‘Oí, pero que pasa!’; B: *Da muss ich allein durch, mir kann keiner helfen*, ‘Por aí teño que pasar eu só, ninguén me pode axudar’ (Wotjak e Richter 1997:101).

Ó saudármonos, reaccionamos segundo as convencións, é dicir, hoxe coma onte é válido, en principio, que os rapaces saúden primeiro os maiores. Tamén nos podemos saudar varias veces ó día, por exemplo, cando nos encontramos no traballo ou no camiño cara ó colexio. En ocasións, dentro da empresa, un simple *Hallo*, ‘Ola’ é suficiente como tratamento. Ante unha fórmula de saúdo, reaccionamos moitas veces da mesma maneira: *Guten Tag - Guten Tag*, ‘Bos días’ – ‘Bos días’. Non obstante, hai situacións nas que nos comportamos de distinto xeito, por exemplo *küss die Hand/die Hände*, ‘bicolle a man/as mans’; *herzlich willkommen, sehr geehrte Damen und Herren*, ‘benvidos, señoras e señores’.

As fórmulas de saúdo mencionadas só se manifestan mediante un interlocutor, isto é, o que inicia a conversación; o(s) outro(s) participantes(s) na interacción non di(n) nada ou utiliza(n) outras fórmulas rutineiras adecuadas á situación. O modelo situacional *küss die Hand/die Hände*, ‘bicolle a man/as mans’ emprégase para persoas dun alto status, normalmente mulleres e excepcionalmente homes: *Küss die Hand, gnädige Frau, Empfehlungen an den verehrten Herrn Gemahl!*, ‘Bicolle a man señora, saúdos ó seu esposo!’ (Duden 11 2002: 318). A combinación de palabras *herzlich willkommen*, ‘sexa benvido!’, típica do diálogo, é utilizada, por exemplo, cando chegan invitados, para saudalos participantes dunha conferencia, dun programa de televisión ou dunha asemblea.

Nalgunhas situacións, tamén se poden combinar varias fórmulas rutineiras, por exemplo, *Guten Abend liebe Gäste und herzlich willkommen beim tagesschau.de-Chat: Zu Gast ist der Berliner Pastor Bernd Siggelkow, Gründer des Kinder- und Jugendhilfswerks “Arche”*. (tagesschau.de vom 14.03.2005). ‘Boas noites queridos invitados e benvidos ó chat tagesschau.de: Temos como invitado o pastor berlinés Bernd Siggelkow, fundador da obra benéfica para nenos e mozos “Arche”. (tagesschau.de do 14.03.2005).’ A fórmula comunicativa *meine Damen und Herren*, ‘señoras e señores’ require un engadido lóxico na sucesión comunicativa, por exemplo *ich bitte um Ihre Aufmerksamkeit*, ‘prégolle-la súa atención’; *Ich freue mich, heute zu Ihnen sprechen zu dürfen*, ‘Estou feliz de poder falar hoxe con vostedes’; *Ich möchte das Glas erheben*, ‘quero levanta-lo vaso’. Despois da fórmula *sehr geehrte Damen und Herren*, ‘señoras e señores’, a secuencia comunicativa tampouco transcorre por quendas, é dicir, sen a transmisión do rol do falante. Inicialmente, o falante que provoca a interacción lingüística ten a posición dirixente, como se poderá comprobar nos seguintes exemplos. A continuación da fórmula de saúdo non segue a intervención do interlocutor, senón a exposición da intención: *Sehr geehrte Damen und Herren, liebe Landsleute*, ‘Señoras e señores, queridos compatriotas’ –comeza o embaixador Sergej Farenik–, *dieser Abend ist Ergebnis der Willensäußerung des ukrainischen Volkes*, ‘esta noite é o resultado da manifestación da vontade do pobo ucraíno’

(spiegel.de do 19.02.2005). *Sehr geehrte Damen und Herren, hiermit möchte ich als Mitglied des Norderstedter SV meine Meinung zum Leserbrief des Herrn Gerd Leiteritz äußern*, ‘Señoras e señores, con isto quero expresa-la miña opinión como membro do SV de Norderstedt respecto á carta do lector, o Señor Gerd Leiteritz’ (abendblatt.de do 26.02.2005).

Sehr geehrte Damen und Herren, liebe Gäste: Bitte schnallen Sie sich an und machen sich fertig, ‘Señoras e señores, queridos invitados, por favor, pónñanse o cinto e prepárense’ (gea.de do 13.06.2005. *Sehr geehrte Damen und Herren, hiermit bewerbe ich mich um...*, ‘Señoras e señores, pola presente solicito...’ (spiegel.de do 06.08.2006).

“Polo termo *secuencia conversacional* entendémo-los pasos da conversa de varios interlocutores en forma de unidades funcionais, que posúen a facultade de presupoñerse de forma condicionada” (Henne; Rehbock 1979:24).

“O termo *secuencia conversacional* non se refire nin a unha conexión gramatical nin temática dentro do tramo da conversación, senón que está máis ben definido dunha maneira exclusivamente comunicativo-funcional: unha sucesión de, polo menos, dous tramos conversacionais de distintos falantes constitúe unha relación específica na acción” (Brinker e Sager 1989:78).

O feito de que as fórmulas aparezan de forma autónoma ou en compañía doutros compoñentes lingüísticos ten unha grande importancia. Só as fórmulas rutineiras independentes son consideradas como intervencións completas no discurso. As non-independentes, en cambio, son modelos que requiren un engadido, que se inclúen noutras estruturas ou noutros elementos. A causa do gran número de fórmulas rutineiras, estas clasifícanse en fórmulas con constituíntes “rutinizados” e en fórmulas con secuencias “non rutinizadas”. Este trazo está en certa correlación recíproca co trazo da autonomía, xa que, se unha fórmula é un elemento dunha secuencia, tamén pode constituír unha intervención completa. Á inversa, en cambio, non é posible que tódalas fórmulas que aparecen de maneira independente pertencen a unha secuencia rutinizada. A pertenza dunha fórmula a unha secuencia especificase tendo en conta tres trazos:

- o número de membros da secuencia;
- sempre que se trate de parellas, a relación dos membros da secuencia, a súa simetría e complementariedade respectivamente;
- en relación a súa posición na secuencia, dependendo de se se utilizan para inicia-lo discurso ou para iniciar e contestar.


De feito, as fórmulas rutineiras serven como unha ocasión comunicativa nun uso normal e eficaz. Son libres, dependentes ou non é posible a súa repetición. Iso aféctalles ás fórmulas que aparecen de maneira independente ou non-independente. A excesiva utilización dun fraseoloxismo pragmático na produción lingüística tamén pode ser destacada en expresións que se poden repetir libremente. “Pero isto non é o mesmo cá utilización repetida de fórmulas que, en por si, non son iterativas por mor das consecuencias que se derivan do seu uso normal; a dita utilización repetida contradi, por unha parte, a lóxica do transcurso do suceso comunicativo. A iteración das

fórmulas está, polo tanto, en correlación co seu potencial funcional comunicativo: canto máis fixa estea a relación convencional cunha determinada consecuencia, máis restrinxida será a iteración” (Coulmas 1981:118).

A caracterización de tódalas fórmulas rutineiras pode realizarse segundo os tres criterios arriba mencionados. Por exemplo, a fórmula *danke gleichfalls*, ‘grazas igualmente’ pode valer como compoñente que aparece independente, complementariamente e como reacción dunha secuencia na que o constituínte con iniciativa habitualmente é un desexo ou un saúdo e que, como expresión completa, é repetible de maneira moi limitada. O mesmo sucede coas fórmulas comunicativas: *keine Ursache*, ‘non hai de que!’; *nichts zu danken, gern geschehen* ‘de nada!, non hai de que!’; *Ich habe nur meine Pflicht getan*, ‘non fixen máis que cumprir co meu deber’; *es ist nicht der Rede wert*, ‘non ten importancia’; *herzlichen Dank*, ‘moitas grazas’; *Ich fühle mich geehrt*, ‘é unha honra para min’; *mit dem größten Vergnügen*, ‘con moitísimo gusto’ e *Schwamm drüber!*, ‘a outro choio, furacroio!’. Os fraseoloxismos pragmáticos *sehr geehrte Damen und Herren*, ‘señoras e señores’; *soweit/soviel ich weiß...*, ‘polo que eu sei’; *soweit ich es beurteilen kann*, ‘polo que eu podo xulgar’; *wie mir scheint* ‘segundo parece’ son, en cambio, fórmulas que aparecen de maneira independente e que non pertencen a fórmulas repetibles dunha secuencia rutinizada. Tamén existen fórmulas independentes que, non obstante, requiren unha reacción concreta por parte do interlocutor, por exemplo *Womit kann ich Ihnen dienen?*, ‘en que podo servilo?’; *Viel Vergnügen!*, ‘que se/te divirta(s)!’; *Gesundheit! (beim Niesen)*, ‘saúde!’ (cando se esbirra); *Fröhliche Feiertage*, ‘felices festas!’; *Die Damen haben den Vorzug!*, ‘as damas primeiro’; *Herzliche Anteilnahme!*, ‘acompañoo no sentimento!’.

2.2.4 Caracterización das fórmulas rutineiras segundo os criterios de uso

Coulmas (1981:118) demostra, non obstante, que o perfil funcional de cada fórmula rutineira é moi abstracto, cando meramente se identifica e se constitúe segundo os tres trazos anteriormente mencionados. Por esta razón, recoméndase explica-las fórmulas rutineiras mediante criterios de uso. Neste caso, trátase de saber se teñen un uso institucional, situacional ou funcional. Estes tres atributos dan conta, no ciclo lingüístico, da rixidez decrecente das limitacións de aparición, de tal xeito que o primeiro engloba os dous seguintes e o segundo engloba o último.



Dito doutro xeito, existen fórmulas cunha presenza limitada á percepción dunha situación lingüística nun marco certamente institucional; outras que en situacións concretas serven para determinadas funcións e, finalmente, aquelas nas que a súa utilización se determina principalmente polas funcións e fins que teñen, mentres que as restricións de aparición nunha situación son moi inespecíficas. Estes tres criterios

teñen, por un lado, unha influencia sobre a diferenciación das clases de expresións e, polo outro, caracterizan clases parciais:

1. fórmulas que guían a conversación: fórmulas de apertura e introdución, fórmulas de interpelación, fórmulas de defensa do dereito a falar, fórmulas de readmisión, fórmulas de conclusión;
2. fórmulas de cortesía: fórmulas de dirección do comportamento convencional, fórmulas de tratamento, fórmulas de debilitación, marco de actos de fala indirectos (expresións modalizadas);
3. fórmulas metacomunicativas: fórmulas de aseguramento da comprensión, fórmulas de comentario, fórmulas de corrección;
4. fórmulas psico-ostensivas: fórmulas emocionalmente positivas ou negativas da opinión obxecto da conversa;
5. fórmulas de titubeo: preguntas de anexo, sinais do oínte, cubrimento de pausas, fórmulas ego-referenciais (comp. Coulmas 1981:119 e ss.).

Na miña opinión, é correcto pensar que a adhesión, que fixa actitudes e costumes pasados, é característica das fórmulas rutineiras que realizan as súas funcións nas situacións institucionais típicas en cada caso. As fórmulas a) *Die Stunde ist aus*, ‘Rematou a clase’; b) *Der Herr sei mit euch!*, ‘o Señor os acompañe!’; c) *Ich eröffne die Verhandlung*, ‘abro a negociación’; d) *Hiermit wird bescheinigt*, ‘pola presente, certifico que...’ unicamente teñen cabida nas institucións correspondentes: a) no colexio; b) na igrexa; c) nunha sesión de tribunal; d) en escritos oficiais. A primeira só pode ser expresada intencionalmente polo profesor; a segunda, polo cura; a terceira, polo presidente e a cuarta, polo solicitante (comp. Laskowski 2003:121).

Finalmente, chégase á conclusión de que, por un lado, a situación lingüística presupón o uso dunha determinada fórmula rutineira, na que a ocorrencia está fixada situacional e institucionalmente. Por outro lado, unha soa fórmula comunicativa está reservada para unha determinada situación comunicativa, que como construción lingüística prefabricada serve para obte-lo resultado desexado dunha acción ou dunha conduta comunicativa.

Mediante os criterios de clasificación e os modelos de división anteriormente mencionados e pola discusión ó redor da problemática da tipoloxía das fórmulas rutineiras, pódese propoñer unha división funcional, semántico-sintáctica cun catálogo complexo de criterios.

1. construcións comunicativas do día a día, institucionais ou orientadas cara ó interlocutor:

a) expresións intencionais referidas ó acto de fala, por exemplo, rexeitamento (*Danke für Obst und Südfrüchte*, ‘Grazas pola froita e froitas tropicais’, “non, grazas”); aprobación (*Das lass ich mir gefallen!*, ‘así me gusta’); requirimento (*Schwamm drüber!*, ‘a outro choio, furacroio!’; *Nun mach aber einen Punkt!*, ‘basta xa!’);

indignación (*Da hört sich doch alles auf!*, ‘isto é o colmo!’); resignación (*Dann gute Nacht!*, ‘apaga e vámonos!’); sorpresa (*Ach, du meine liebe Güte!*, ‘Deus santo!’);

b) fórmulas interaccionais e interdependentes, como por exemplo de saúdo; de despedida; de punto de contacto; fórmula de confirmación (*ganz meine Meinung*, ‘totalmente de acordo’); fórmulas de mesa; fórmulas de agradecemento; fórmulas de reprimenda e maldición; fórmulas de comentarios e estimulación;

c) secuencias da conversación estímulo–reacción convencionalizadas e integradas: *Begrüßen - Verabschiedung*, ‘saudar – despedir’; *Frage - Antwort*, ‘pregunta – resposta’; *Beschuldigen - sich Entschuldigen*, ‘acusar – desculpar’;

d) fórmulas rutineiras que guían a conversación e estruturan a comunicación: fórmulas de defensa (*lassen Sie mich doch ausreden*, ‘déixeme falar’; *darf ich die Frage nur schnell beantworten*, ‘podo contesta-la pregunta rapidamente’); fórmulas de aviso (*nun muss ich aber was fragen*, ‘teño que preguntar algo’; *ich wollte nur noch*, ‘só quería...’); fórmulas de aseguramento (*jetzt möchte ich aber doch mal wissen*, ‘agora si que quero saber’; *ja aber wir sollten das wirklich betonen*, ‘si pero teriamos que facer fincapé’); fórmulas de interrupción (*Entschuldigung Frau X nur eine Frage*, ‘desculpe Señora X, só unha pregunta’; *ja das haben wir schon gehört*, ‘se iso xa temos oído dicir’); fórmulas de entrega (*aber Frau X, vielleicht könnten Sie uns helfen*, ‘Pero Señora X ó mellor poderíanos axudar’; *bitte Herr Y*, ‘por favor, Señor I’); fórmulas para retoma-la quenda: (*ich würde sagen*, ‘eu diría que...’; *also ich wollte bloß mal erst was sagen*, ‘ben, só quería dicir algo’).

2. construcións estruturais:

a) fórmulas cunha estrutura oracional totalmente marcada: *Nun halt aber mal die Luft an!*, ‘Pecha a boca!’;

b) fórmulas cunha estrutura oracional reducida: *Nach mir die Sintflut!*, ‘Entón, caia quen caia!’;

c) expresións dunha soa palabra: *Abgemacht!*, ‘De acordo!’; *Mahlzeit!*, ‘Bo proveito!’;

d) fórmulas estables: *guten Tag*, ‘Bos días’; *Wir sprechen uns noch!*, ‘Xa falaremos’;

e) fórmulas variables: *und so weiter (und so fort)*, ‘Etcétera, etcétera’; *verflucht/verdammt (und zugenäht)*, ‘Maldita sexa!’.

3. fórmulas rutineiras semánticas:

a) fórmulas totalmente idiomáticas, por exemplo, *Bei mir ist Sense!*, ‘e listo!’;

b) fórmulas parcialmente idiomáticas, por exemplo, *Wie stehen die Aktien?*, ‘Como van os negocios?’;

c) fórmulas non idiomáticas, por exemplo, *Das ist lächerlich!*, ‘Iso é ridículo!’;

4. fórmulas autónomas e que dependen do contexto:

a) fórmulas facultativas: *Immer mit der Ruhe!*, ‘Ante todo, calma!’;

- b) fórmulas obrigatorias: *Auf Wiederhören!*, ‘Ata logo!’;
- c) fórmulas introdutorias: *Viel Spaß!*, ‘A divertirse!’;
- d) fórmulas provocadoras: *Du kannst mir mal im Mondschein begegnen!*, ‘Vai dar unha volta’;
- e) fórmulas de reacción: *Lass dir das gesagt sein!*, ‘Estás advertido!’; *Aha, daher weht der Wind!*, ‘Por aí van os tiros!’;
- f) fórmulas complementarias: *Da haben wir den Salat!*, ‘Fixemola boa!’;
- g) fórmulas interrogativas con distintas intencións: *Wie komme ich denn dazu?*, ‘Pero como se me ocorre?’; *Ich denke gar nicht daran*, ‘Non me dá a gana!’; *das kommt nicht in Frage*, ‘Nin falar!’; *Ist das denn die Möglichkeit!?*, ‘Pero será posible?’; *Welche Überraschung! Das hätte ich nicht für möglich gehalten!*, ‘Que sorpresa!, Parece mentira!’.

Con todo, é necesario advertir que os criterios tipolóxicos mencionados seguramente non estean completos e non sexan homoxéneos e que, por esa razón, requiran unha análise máis exacta e individual.

Dentro do marco dunha contribución sobre aspectos teóricos e prácticos dos fraseoloxismos comunicativos, non é fácil reducir tódolos esquemas con criterios para a clasificación das fórmulas rutineiras a un común denominador e, ó mesmo tempo, diferencialos desde distintas perspectivas. A este respecto, estou completamente de acordo con Fleischer (1997:111), quen opina o seguinte: “Os intentos de clasificación teñen, non obstante, un valor, porque coa súa axuda pode ser captada precisamente a dinámica e a flexibilidade do sistema’, o que eu tamén espero.

3. Funcións das fórmulas rutineiras

As reflexións deste traballo parten da observación de que, en principio, a comunicación oral e escrita se realiza baixo diferentes condicións e require compoñentes concretos, lingüisticamente adecuados á situación por parte dos participantes. Os elementos comunicativos teñen as súas funcións no intercambio de ideas. Na descrición das fórmulas rutineiras, tamén temos que ter en conta as súas funcións. En xeral, pódese comprobar que coincidindo co suposto enfoque teórico das funcións, trátase nestas de dúas cousas distintas: en primeiro lugar, de funcións discursivas e, en segundo, de funcións sociais. Mentres que as primeiras concernen ó rendemento das fórmulas rutineiras respecto á estruturación do discurso, nas últimas trátanse as funcións do comportamento verbal para a interacción social, sempre que as fórmulas rutineiras desempeñen aquí un papel. É necesario ter en conta que, obviamente, ámbalas dúas funcións están relacionadas. Hai que volver destacar que as fórmulas rutineiras teñen funcións específicas dentro da comunicación tanto escrita coma falada; coa súa axuda levamos a cabo accións comunicativas que sempre se volven repetir. Por este motivo, pódense describir, en primeiro lugar, con medios da pragmática lingüística.

En moitos casos, trátase, polo tanto, de combinacións de palabras desementizadas cunha función comunicativa determinada. Xeralmente, non se pode establecer cal

destas funcións aparece en cada caso. Desde un punto de vista pragmático, cabe salientarse expresamente que a estas fórmulas se lles poden adxudicarlles funcións correspondentes nos informes, na organización dunha conversa, na estruturación dun texto e na interacción entre interlocutores (comp. Burger 1988:52). Entre os tipos formais e determinadas funcións, non obstante, non existe unha equivalencia de un a un na relación interlingual e intercultural. En xeral, cada expresión pode realizar funcións heteroxéneas, pero de tódolos xeitos, móstrase que para cada expresión existe unha función dominante. Stein (1995:239 e ss.) exemplifica isto coa seguinte enumeración:

fórmulas rutineiras	función dominante
<i>ich denke</i> , ‘Eu penso’	sinal de división
<i>Oder nicht</i> , ‘Ou non?’	entrega do papel do falante
<i>Nicht wahr?</i> , ‘Verdade?’	aseguramento do contacto
<i>Was weiß ich</i> , ‘Que sei eu?’	marcación de expresións críticas
<i>Pass mal auf</i> , ‘Escoita!’	orientación da atención
<i>Soweit ich weiß</i> , ‘Polo que eu sei’	indicador do incerto, metacomunicación que comenta a expresión

En particular, a característica máis relevante para as fórmulas deste tipo, como xa se destacou previamente, é o alto grao de variabilidade. Existen poucas expresións que estean totalmente fixadas e limitadas a poucas variantes (*ich bin der Ansicht* ‘ó meu modo de ver’, *ich glaube* ‘eu creo’, *ich denke* ‘eu penso’, *ich bin Ihnen sehr zu Dank verpflichtet/verbunden* ‘estou obrigado/agradecido’). A maioría das fórmulas comunicativas, por un lado, ten unha estrutura fixa e, polo outro, nalgúns casos, é variable (por exemplo, *ich muss eingestehen / gestehen / bekennen / zugeben*, ‘teño que recoñecer / confesar / admitir / engadir’ = *man muss eingestehen / gestehen / bekennen / zugeben*, ‘hai que recoñecer / confesar / admitir / engadir’ = *es ist einzugestehen / zu gestehen / zu bekennen / zuzugeben*, ‘ten que ser recoñecido / confesado / admitido / engadido’).

O feito de que teñamos á nosa disposición un arsenal de medios lingüísticos cos que se facilitan determinadas tarefas comunicativas tamén ten unha base psicolingüística. As fórmulas rutineiras desempeñan un papel no proceso da expresión e pódense colocar alí para aliviar as dificultades de formulación.

Isto ilustra perfectamente un exemplo de Stein (1995:261): *also können nicht gleichzeitig auf Krankenschein äh äh beim bei beim praktischen Arzt we we wegen irgend äh – was sagen mer? – wegen einem chronischen Leiden sein (...)*, ‘entón non

poden ó mesmo tempo eh!, eh! e no médico de medicina xeral p, p, por algunha eh! – que dis? – por unha doenza crónica (...).

Burger (1998:53 e ss.) interpreta esta expresión e supón o seguinte: “Os ‘eh!’ cubertos e as pausas (–) sen cubrir, as interrupcións de palabras (p) e o cambio de construción *nach wegen irgend äh* (‘por algunha eh!’) indican que o falante está loitando contra dificultades de formulación. A fórmula *was sagen mer* (‘que di?’), en combinación con outros elementos dilatorios, sèrvelle ó falante para remata-la súa enunciación con éxito. As fórmulas comunicativas (*wie sagt man?*, ‘como se di?’; *Wie heißt das?*, ‘como se chama iso?’) son especialmente adecuadas para aliviar-las dificultades de formulación nas fases de formulación críticas, xa que con elas o falante chama as dificultades polo seu nome e ábreulle un ‘lugar de protección’ dentro do cal pode seguir buscando unha expresión adecuada.”

O típico carácter estereotipado non só afecta á fraseoloxía, senón tamén ós textos completos. Especialmente no ámbito escrito, encóntranse moitos textos modelo que seguen á estereotipia usual e convencional en situacións específicas como, por exemplo, solicitudes, agradecementos, desmentidos, queixas, contratos, noticias necrolóxicas, retractacións etc.

Burger (1973:59) reclama para a descrición das fórmulas rutineiras a consideración “dunha teoría do comportamento humano”, que tería “que abranguer tanto o comportamento verbal coma o averbal”. Con esta afirmación, aborda un aspecto psicolingüístico sumamente importante. Por esta razón, parece lóxico que Wiegand (1981:211 e ss.) diferencie exemplos idiomáticos “que poidan ser comentados exclusivamente de forma pragmática”. Isto exemplifícao por medio da fórmula rutineira *guten Appetit!* (‘Bo proveito!’). Segundo Wiegand (1981:211), esta expresión non “ten ningún significado neste sentido: o que o utiliza, ou se refire a algún X ou predí algo sobre algún X”. *Bo proveito!* só se pode describir, polo tanto, mediante un comentario pragmático “que, en primeiro lugar, indica o que alguén fai cando utiliza esta expresión e que, en segundo lugar, sinala baixo que condicións se utiliza esta expresión”.

Wimmer (1977:167) sinalou, en relación a unha formulación da descrición utilizada semanticamente –a cal foi buscada cunha lóxica determinada– que a diferenciación entre a descrición semántica e pragmática non é de carácter substancial: “A alguén que explica, en relación a descricións de significado, que as referencias a situacións de expresión en especial relevantes para o falante e o oínte e as condicións interactivas do acto da fala, teñan que ser consideradas como pragmáticas, pódese obxectar, na maioría dos casos, que poida tamén consideralas como semánticas, sen que isto trascenda no seu traballo nada máis que a nivel terminolóxico.

O obxectivo de separación nun comentario semántico e pragmático, que sinalou Wiegand para o terceiro tipo de comentario *schönen Gruß vom Getriebe* (‘saúdos desde a caixa de cambios’, comentario que se fai cando alguén que está conducindo non mete ben as marchas), achega unha descrición das unidades fraseolóxicas utilizada semanticamente de maneira consecuente. Na fórmula rutineira *Guten Appetit* (‘Bo proveito!’), trátase dunha expresión predicativa complexa, que na súa función ten que

ser naturalmente descrita de distinto xeito ca por exemplo *kalter Kaffee* (‘café frío’, “non é nada novo”).

É difícil entende-la razón pola que a expresión *Guten Appetit* non debe mostrar unha explicación (Wunderlich 1979:281) e se debe describir “exclusivamente dunha maneira pragmática” (Wiegand 1981:211) no caso de disolverse a expresión compacta en: *Ich zeige dir an, dass ich mich dir gegenüber höflich verhalte und die gesellschaftlichen Tischgepflogenheiten und Normen achte, indem ich Guten Appetit äußere*, ‘indícoche que me comporto dunha maneira amable contigo e que respecto os costumes da mesa, dicindo *bo proveito*’ (Kühn 1983:189).

O uso de *Guten Appetit* pódese considerar unha mostra de amabilidade e a súa produción significa, sobre todo, o recoñecemento xeral da orde establecida. A situación na mesa implica unha forte obriga de cortesía que se manifesta en forma de accións da fala rituais. Deste xeito, é válido o principio utilizado: ningunhailocución sen proposición. A entrada do dicionario (*Duden-Wörterbuch Bd. 1, 1976:175*): *Guten Appetit* (fórmula de desexo antes da comida) trata da descrición abreviada da norma. Ademais coa utilización de *Guten Appetit* exprésase un desexo estereotipado: *Ich wünsche dir, dass dir das (Mittag- oder Abend-) Essen schmeckt*, ‘Desexo que che guste a comida (xantar ou cea)’ (Kühn 1983:189). Unha fórmula de desexo semellante tamén pode ser usada de maneira experimental, pero a función establecida de *Guten Appetit* non resulta disto. Esta fórmula é, a miúdo, a expresión comprimida dunha comunicación ritualizada; coa súa utilización exprésase un determinado tipo de relación entre o falante e o oínte e tamén indica a actitude do falante cara a determinadas formas de comportamento, neste caso modais na mesa. *Guten Appetit* é ante todo unha expresión que manifesta unha actitude. O carácter ritualizado desta expresión poderíase mostrar nunha entrada como a seguinte, a cal se pode considerar máis adecuada: *Guten Appetit*, fórmula rutineira que se pronuncia antes ou no momento en que se empeza a comer, especialmente no xantar e na cea e coa que o falante lle quere expresa-la súa cortesía ó seu interlocutor demostrándolle que segue os costumes na mesa (Kühn 1983:189).

Tamén Coulmas (1981:76) parte de que non ten sentido “unha descrición do significado das fórmulas rutineiras que non se refira á súa función situacional e á rutina”. Por esta razón, para el (1981:76) unha descrición de significado que só se refira ó lado denotativo neste tipo de unidades de expresión é, en comparación, pouco interesante.

Segundo este mesmo autor (1981:74), algunhas unidades de expresión como por exemplo *na gut* (‘bo’) “non se poden describir de forma adecuada sen facer referencia ós seus contextos de uso e a funcións moi específicas”. Na discusión sobre o concepto semántico *Bedeutung als Funktion* (‘o significado como función’), Coulmas (1981:74) parte das seguintes suposicións:

- “A lingua realiza diferentes funcións”;
- “Segundo Bühler (1934), Jakobson (1960) e Hymes (1970) pódense diferenciar, ademais, unha función estética, unha función contextual, unha

función situacional, unha función estilística, unha función fática e unha función metacomunicativa”;

- “En calquera caso, a función referencial interacciona con outras funcións, das que só se illa na análise”;
- “Non tódalas unidades de expresión son adecuadas da mesma maneira para a realización das diferentes funcións e estas, á súa vez, desempeñan, por este motivo, un papel distinto na descrición de tipos de unidades de expresión moi variados”.

O modelo de función de Coulmas para a descrición de expresións lingüísticas baséase, pois, en que “o esencial nalgúns unidades de expresión é a especificación do significado denotativo”, o cal se pode describir mediante a función referencial. Noutros casos, en cambio, “só se capta un compoñente marxinal do significado global” (Coulmas 1981:73 e ss.). Nas fórmulas rutineiras pode darse o caso de que o significado denotativo ou “se enterrou ou se volveu obsoleto polo cambio histórico [...] ou está inactivo na rutina conversacional” (Coulmas 1981:76).

Nas fórmulas rutineiras, o significado denotativo, polo tanto, non pasa a un segundo plano de forma accidental, senón sistemática.

Aínda que Coulmas parta do postulado “significado é función”, nas súas propostas para a descrición do significado das fórmulas rutineiras é incapaz de desvencellarse da idea dun modelo do signo lingüístico bilateral, o cal ten varias consecuencias. As distintas funcións están fixadas, en certo modo, como etiquetas nas expresións fixas. Esta idea tamén se expresa na forma metafórica de escribir de Coulmas. Non obstante, desde este punto de vista, non se pode describi-la linguaxe como un medio para a acción lingüística. Os falantes, os autores, relatan, predín e executan diferentes accións. Utilizar fórmulas rutineiras significa, polo tanto, executar unha acción determinada e por regra xeral completa. A indicación do significado das fórmulas rutineiras significa, por este motivo, dispoñer e empregar pautas segundo as que o falante ou o autor leva a cabo estas accións. Unha concepción deste tipo aférrase á idea de que tamén se poderían enumerar significados denotativos no caso das fórmulas rutineiras, aínda que estes sexan concibidos como inoperantes. Con todo, baseándonos nesta idea, non se pode afirmar que un falante ou autor execute normalmente co uso dunha fórmula rutineira unha acción completa, o que vén a dicir no sentido dunha teoría da acción, que el executa simultaneamente un acto de referencia, un acto de predicación e un acto ilocutivo para conseguir determinados efectos perlocutivos. Non obstante, se partimos de que os compoñentes dos significados denotativos nas fórmulas rutineiras se volveron obsoletos, este feito implica que, en realidade, ás fórmulas rutineiras non se lles poderían adxudicar proposicións. Non parece razoable que na descrición dos significados das fórmulas rutineiras se parta do seu significado literal e que se lle denegue polo seu uso habitual e ritualizado un contido proposicional. É moi probable coincidir coa afirmación de Coulmas de que un falante cando utiliza a expresión *Griß Gott* (‘saúda a Deus’, “bos días, ola”) non se refire a un deus. Non obstante, pódese atribuír un significado a esta fórmula rutineira, cando se dissolve a expresión compacta e se ten que interpreta-la expresión da seguinte maneira: *Ich zeige dir an, dass ich mich*

dir gegenüber höflich verhalte und die gesellschaftlichen Grußgewohnheiten und -normen achte, indem ich Grüß Gott äußere, ‘Indícoche que me comporto de forma cortés contigo e que sigo os costumes e as normas de saúdo sociais pronunciando ‘*saúda a Deus*’ “bos días, ola” (Kühn 1983:191). A raíz da discusión da problemática sobre o significado das fórmulas rutineiras, Coulmas discute aspectos da dependencia situacional e da dimensión dunha situación antes de pasar ás funcións comunicativas das fórmulas rutineiras. Este autor distingue entre funcións discursivas e funcións sociais. Como funcións do comportamento verbal para a interacción social, Coulmas menciona as seguintes entidades (Coulmas 1981:94 e ss.):

1. función de contacto (obtención da atención, orientación da atención, control das relacións sociais, fórmulas de cortesía convencionais), por exemplo *Guten Tag* (‘bos días’);
2. aumento na seguridade do comportamento do falante: fórmulas de consentimento como *ganz deiner Meinung* (‘estou de acordo contigo’), *immerhin in einem Punkt muss ich zustimmen* (‘polo menos nun punto douche/lle a razón’), *in diesem Punkt stimme ich dir völlig zu* (‘nese punto douche/lle completamente a razón’), *das findet meine Zustimmung* (‘iso ten a miña aprobación’), *du hast Recht* (‘tes razón’); fórmulas de presentación como *sehr erfreut* (‘moito gusto’), *darf ich Ihnen Herrn Schmidt vorstellen* (‘pódolle presenta-lo Señor Schmidt’), *schön Sie kennen zu lernen* (‘encantado de coñecelo’), *es freut mich, Sie kennen zu lernen* (‘alégrome de coñecelo’); fórmulas de desculpa, por exemplo, *Tut mir Leid* (‘síntoo’), *Verzeihung* (‘perdón’), *es tut mir sehr Leid* (‘síntoo moito’), *so Leid es mir tut* (‘mal que me pese’), *es ist Pech, dass...* (‘que mala sorte que...’), *ich bitte um Entschuldigung/um Verzeihung* (‘pido desculpas/perdón’), *verzeihen Sie/entschuldigen Sie bitte* (‘por favor desculpe’), *ich bedauere, dass...* (‘lamento que ...’);
3. función de convencionalidade, por exemplo, *Frohe Ostern* (‘felices pascuas’).

No tocante ás fórmulas rutineiras coas que os falantes integran a súa intervención na conversación, estas poden te-las seguintes funcións (Coulmas 1981:100 e ss.):

4. función de guía-la conversación (as fórmulas de comentario e estimulación de Fleischer): *Dazu fällt mir gerade ein* (‘sobre isto vénme á cabeza’);
5. función avaliadora: *Ich muss dir leider sagen* (‘lamentablemente, téñoche que dicir’);
6. función metacomunicativa: *Und was heißt das auf Deutsch bitte* (‘como se di en alemán, por favor?’);
7. función de alivia-las dificultades de formulación:..., *nicht wahr* (‘..., a que si?’), *sag ich mal so* (‘dígoo así’).

Đurčo (1994:96 e ss.) completa esta lista coa función de garanti-la comprensión como por exemplo *Du sagst es!* (‘Ti acábalo de dicir!’). Coa axuda destas diferentes

funcións, Coulmas (1981:108) elabora unha tipoloxía coas fórmulas rutineiras descritas no capítulo anterior, para o que parte de que na utilización das fórmulas rutineiras “unha función probablemente pode dominar outra ou tódalas demais” pero unha expresión, non obstante, úsase “só de maneira esporádica” de maneira monofuncional.

Burger, Buhofer e Sialm (1982:117) tamén indican que os fraseoloxismos “[...] só teñen un significado dentro do tipo de situación correspondente” e para o campo “[...] de fraseoloxismos específicos do acto comunicativo” levan a cabo unha serie de análises detalladas e sinalan que o uso de fraseoloxismos específicos do acto comunicativo “depende moito do falante” (Burger, Buhofer e Sialm 1982:125). Estes autores comprobán que “fraseoloxismos específicos do acto comunicativo non chegan a ser *lapsus*, formulacións novas etc., produtos involuntarios do proceso de verbalización máis ou menos difícil, senón que teñen unha función con respecto ó tema que o falante quere ou debe expresar (Burger, Buhofer e Sialm 1982:126). Como característica común, destaca a función metalingüística xeral dos fraseoloxismos específicos do acto comunicativo: “[...] o falante, coa axuda dos fraseoloxismos específicos do acto comunicativo, fai referencia ó que di” (Burger, Buhofer e Sialm 1982:127).

Con respecto ás tipoloxías de funcións habituais para os fraseoloxismos específicos do acto comunicativo, distinguen as seguintes:

1. función apelativa, na que o falante se dirixe ó receptor, por exemplo, para asegurarse da súa atención ou aprobación;
2. función expresiva, na que o falante expresa a súa actitude cara ó que di;
3. función referencial, na que o falante desvía a atención de maneira indeterminada cara a algo pasado ou futuro;
4. función metalingüística, na que o falante fai referencia á formulación do que di.

Finalmente, Burger, Buhofer e Sialm (1982:117 e ss.), mediante unha serie de interpretacións individuais e interesantantes, demostran a utilización de fórmulas rutineiras típicas da situación: *Bitte einsteigen und die Türen schließen* (‘por favor, suban e pechen as portas’).

O significado desta expresión, por exemplo, só ten sentido tendo en conta o uso situacional. Se se “reliteraliza”, os pasaxeiros nas estacións serán informados de que teñen que subir ó tren e de que teñen que pecha-la porta. Estes pasaxeiros, non obstante, reaccionan ó primeiro requirimento. Esta fórmula rutineira dirixida ós pasaxeiros é, con todo, “só un signo de que lles espera inminentemente a saída do tren”, independentemente de se se atopan na plataforma ou xa subiron ó tren e dependendo de se seguiron a segunda chamada (Burger, Buhofer e Sialm 1982:117).

4. Fórmulas rutineiras nas clases de alemán

A adquisición dunha lingua estranxeira non se pode comparar coa adquisición da lingua materna. Esta última apréndese directamente no proceso de comunicación natural.

Isto sucede pola imitación e pola análise de expresións oídas e leva ó dominio práctico dos elementos lingüísticos e dos mecanismos que continuamente son examinados e corrixidos na práctica lingüística e, deste modo, vanse precisando pouco a pouco. Este proceso de aprendizaxe lingüística está estreitamente ligado ó desenvolvemento do pensamento mental do falante no lexicón.

A lingua estranxeira, pola contra, apréndese cando xa existe unha lingua dominante. A adquisición dunha lingua estranxeira realízase baixo o filtro da lingua materna (Bondzio 1984:202). Como o aprendiz xa dispón dos elementos e das normas do sistema da súa lingua materna, non constrúe totalmente de novo o sistema da lingua estranxeira, senón que elabora unha relación entre eses dous sistemas. A lingua estranxeira está, baixo as condicións das clases, polo menos ó principio, moi ligada ó pensamento a través da lingua materna. Nela ten lugar unha recodificación cos contidos do pensamento obtidos na lingua materna, é dicir, unha especie de tradución da lingua materna á lingua estranxeira.

Neste caso, un non se soe dar conta de que as diferenzas entre as dúas linguas non se reducen á selección doutras formas para os mesmos contidos, senón que entre elas— dentro de determinados límites— tamén existen outro tipo de diferenzas como por exemplo no que concirne á categorización ou á estruturación do *continuum* da realidade obxectiva. O aprendiz tende instintivamente a transmitir-lo habitual da lingua materna á lingua estranxeira, o cal pode repercutir favorablemente no proceso de aprendizaxe, onde as aparicións da lingua materna e da lingua estranxeira coinciden formal e semanticamente, aínda que de forma represiva distinguíndose unha da outra. Dependendo de se a lingua materna exerce unha influencia favorable ou represiva sobre o uso da lingua estranxeira, falamos de transferencia ou interferencia interlingual.

Por transferencia entendémo-la influencia positiva dunha lingua sobre o uso doutra, principalmente, a influencia positiva da lingua materna sobre o uso da lingua estranxeira (Bondzio 1984:203). Esta influencia ten lugar cando as regras formais e semánticas das dúas linguas non infrinxen as normas da lingua estranxeira.

Os seguintes exemplos alemáns e polacos ilustran o que se acaba de afirmar: *Verzeihen Sie mir bitte!* (*Proszę mi wybaczyć!*), ‘Por favor, perdóame!’; *Die Rechnung, bitte!* (*Rachunek proszę!*), ‘a factura, por favor!’; *Meinen Glückwunsch!* (*Moje gratulacje!*), ‘As miñas felicitacións’; *Ich küsse die Hände* (*Całuję rączki*), ‘Bícolle as mans’.

Non obstante, a concordancia entre as frases citadas límitase, tanto a formas gramaticais ou construcións dadas coma a determinados significados. Tamén existen expresións que non presentan unha concordancia nin na forma gramatical nin no significado literal: *Guten Morgen* (*Dzień dobry*), ‘Bos días’; *Hals- und Beinbruch!* (*Skręć/złam kark!*), ‘Boa sorte!’.

No primeiro caso, a forma alemá utilízase en acusativo, pero a expresión polaca úsase en nominativo. Ademais, a forma *Guten Morgen* refírese ás horas da mañá, mentres que a fórmula polaca *dzień dobry* fai referencia ó día enteiro.

Polo tanto, os polacos que aprenden alemán utilizarán a expresión *Guten Tag* tamén para as horas da mañá porque en polaco non hai unha distinción entre as horas da mañá, do mediodía e da tarde ó saudarse.

O segundo exemplo non encontra concordancia nin no nivel léxico, nin no semántico, nin no pragmático. Un estudante polaco pode traduci-la expresión *Hals- und Beinbruch* (*viel Glück! Wunsch für jmdn., dem etw. Schwieriges oder Gefährliches bevorsteht*), ‘Moita sorte’, (“desexo para alguén a quen lle espera algo difícil ou perigoso”) á súa lingua materna da seguinte maneira: *zlamania szyi i nogi*. Neste caso, encontrámonos cun falso amigo na correlación alemá-polaca porque a fórmula *skręć/złam kark* pódese utilizar en dúas situacións:

1) maldición/imprecación: *du solltest etwas Böses erfahren* (‘deberías experimentar algo malo’) e 2) lingua estudiantil/humorística: *du bestehst bestimmt die Prüfung* (‘seguramente apróbe-lo exame’). As dúas versións do xiro en polaco non coinciden co equivalente alemán. Tamén se pode observa-lo mesmo fenómeno na tradución ó alemán, o que quere dicir que o aprendiz pode traduci-la forma “*połamania*” *karku* como *Nackenschuss* (‘fractura de caluga’) ou *Brich dir den Nacken!* (‘rompe a caluga!’).

A molesta influencia da lingua materna no uso da lingua estranxeira está relacionada coas interferencias entre elas, porque a lingua materna exerce, polo menos ó principio, unha maior influencia na formulación das oracións.

Por *interferencia* enténdese unha influencia recíproca entre distintos idiomas (Wahrig 1996:846). Por *influencia* entendémo-la infracción de normas lingüísticas cando entra en contacto con outros elementos ou pautas lingüísticas.

Finalmente, é necesario ter en conta que a comparación da lingua materna e da lingua estranxeira, así como a análise do efecto dos erros debidos á interferencia resultan determinantes para a selección de material nas clases de lingua estranxeira e para a parte de exercicios do material lingüístico seleccionado. As fórmulas rutineiras reproducense principalmente coa axuda de diálogos, xa que estes textos conteñen situacións de comportamento cotiás. Os alumnos intentan imita-las situacións utilizando as fórmulas rutineiras. Trátase, ante todo, de distintos xogos de rol ou exercicios *Übt zu zwei* (‘práctica por parellas’), nos que os alumnos desempeñan o papel dun médico ou dun carteiro (comp. Reymont 2002:115).

Dependendo da fase e do nivel dos aprendices, os diálogos pódense introducir de moitas maneiras. É, evidentemente, un xogo de rol por parte dos alumnos, porque para o desenvolvemento da competencia comunicativa é de gran relevancia o carácter (re) produtivo do exercicio lingüístico é de gran relevancia. O ideal sería comezar cos textos auditivos máis fáciles e despois volver le-los diálogos cos roles repartidos, onde o profesor debería centra-la atención dos alumnos nas fórmulas comunicativas. É recomendable que antes dos diálogos autónomos máis longos se reproduzan conversacións curtas. A énfase debería poñer na relación recíproca dos interlocutores na utilización dos fraseoloxismos pragmáticos que se van aprendendo.

Canto máis avanzados estean os alumnos, máis fácil será introducir e practicalas outras variantes de combinacións de palabras típicas do diálogo xa coñecidas.

No médico

Señora Borg: *Guten Tag, Herr Doktor* ('Bos días, Señor doutor').

Médico: *Guten Tag, Frau Borg. Was fehlt Ihnen?* ('Bos días, Señora Borg. Que lle pasa?').

Señora Borg: *Mein Arm tut weh und ist ganz dick* ('Dóeme o brazo e está moi inchado').

Médico: *Was ist denn passiert? Zeigen Sie mal!* ('Pero que lle pasou? Déixemo ver!').

Señora Borg: *Ich muss ausgerutscht und hingefallen sein* ('Escorreguei e caín').

Médico: *Na ja, wir müssen doch mal röntgen* ('Ben; temos que facerlle unhas radiografías').

Señora Borg: *Ist der Arm gebrochen?* ('O brazo está roto?').

Médico: *Das ist möglich, aber ich muss zuerst das Bild sehen* ('Se cadra, si, pero primeiro teño que ve-la radiografía').

Médico: *Na ja, der Arm ist gebrochen. Sie brauchen einen Gips* ('Ben; o brazo está roto. Necesita unha escaiola').

Señora Borg: *Wie lange muss ich den Gips tragen?* ('Canto tempo teño que leva-la escaiola?').

Médico: *Sechs Wochen lang, aber nach einer Woche kommen Sie bitte zur Kontrolle* ('Durante seis semanas pero, por favor, veña a revisión nunha semana').

Na tenda

Dependenta: *Guten Tag!* ('Bos días!').

Cliente: *Guten Tag!* ('Bos días!').

Dependenta: *Darf ich Ihnen helfen?* ('Pódolle axudar en algo?').

Cliente: *Ich möchte eine Jeanshose. Was können Sie mir empfehlen?* ('Quería un pantalón vaqueiro. Que me recomenda?').

Dependenta: *Welche Größe tragen Sie?* ('Que talla leva?').

Cliente: 38 ('38').

Dependenta: *Einen Moment bitte! Ich zeige sie Ihnen gleich.* ('Un momento, por favor! Tráíollo deseguido').

Cliente: *Die Hose gefällt mir sehr gut. Ich nehme sie. Ich suche noch die zu dieser Hose passenden Schuhe.* (‘Este pantalón gústame moito. Busco ademais uns zapatos que vaian a xogo.’)

Dependenta: *Bitte schön, hier haben wir ein paar Schuhe! Wie gefallen sie Ihnen?* (‘Mire, aquí temos zapatos. Que lle parecen?’).

Cliente: *Diese hier sind schön. Was kosten Sie?* (‘Estes de aquí son moi bonitos. Canto custan?’).

Dependenta: *49 Euro* (‘49 Euros’).

Cliente: *Gut, die nehme ich* (‘Ben, lévoos’).

Dependenta: *Haben Sie sonst noch einen Wunsch?* (‘Quere algo máis?’).

Cliente: *Nein danke, das ist alles* (‘Non grazas, élle todo’).

Dependenta: *Auf Wiedersehen* (‘Abur’).

Cliente: *Auf Wiedersehen* (‘Abur’).

Coa axuda dos diálogos descritos anteriormente, os alumnos poden aprender a superar distintos problemas en diferentes situacións da vida cotiá. Nas clases de lingua estranxeira, o esencial é a comunicación, polo que as obras didácticas están concibidas de tal maneira que a poidan facilitar. As fórmulas rutineiras actúan como un compoñente fixo do léxico. Por esta razón, é útil practicar estas combinacións de palabras múltiples por escrito e oralmente. Cada obra didáctica xa inclúe nos primeiros capítulos ou leccións textos breves que conteñen moitas fórmulas rutineiras.

5. Conclusión

Mediante as reflexións realizadas nesta contribución, podemos comprobar que as fórmulas rutineiras desempeñan un papel moi importante na formulación de diferentes expresións na comunicación diaria. As fórmulas rutineiras son expresións de funcións específicas cun significado literal que, con frecuencia, causan dificultades na tradución. Ademais, serven para a realización de trazos comunicativos recorrentes e son consideradas como estereotipos verbais; polo tanto, están próximas ós refráns, ós tópicos e ás frases feitas.

As fórmulas rutineiras poden formar tanto frases sintacticamente completas coma partes de frases incompletas, o que significa que a súa estrutura pode ser diferente. Algunhas delas necesitan no uso que se cubran ocos; outras, en cambio, considéranse coma expresións rematadas. Por esta razón, os fraseoloxismos co valor sintagmático reproducense e os oracionais, en cambio, cítanse. Ás fórmulas rutineiras tamén se lles

chama fórmulas comunicativas e considéranse máximas convencionalizadas para saúdos, despedidas, comentarios, rituais de cortesía etc.

En resumo, volvemos observar que as fórmulas rutineiras son un fenómeno pragmático moi importante, xa que coa súa axuda un falante sempre leva a cabo accións comunicativas que se repiten continuamente. Neste caso, trátase de aspectos psicolingüísticos, nos que as fórmulas son consideradas como un recurso no proceso de formulación da expresión. Empréganse para aliviar as dificultades de formulación cando xorden dificultades de expresión.

O coñecemento de fraseoloxismos pragmáticos como parte do inventario fraseolóxico ten grande importancia, especialmente, para a comunicación da vida cotiá e para a ensinanza de linguas estranxeiras, posto que expresan diferentes aspectos e causan grandes dificultades na tradución á outra lingua.

Das reflexións desta contribución podemos deducir que as fórmulas rutineiras teñen que analizarse desde a perspectiva semántica, sintáctica e pragmática, porque se perciben en situacións concretas, elaboradas e (re)producidas.

Cando os alumnos utilizan combinacións de palabras dun idioma estranxeiro, xorden, a miúdo, alteracións na comunicación no momento da súa utilización nas clases de lingua estranxeira e fóra da escola, porque o nivel semántico non se adecúa, con frecuencia, ó pragmático.

Por esa razón, é necesario aplicar medios didáctico-metodolóxicos eficaces para sensibilizar os aprendices para o uso contextual adecuado en situacións lingüísticas auténticas. Como a competencia comunicativa se concreta no transcurso da socialización lingüística, esta débese adquirir tamén nas clases de lingua estranxeira en interaccións guiadas e autónomas. No proceso glotodidáctico, trátase principalmente da preferencia creativa e da automatización dos modelos de acción acabados e experimentados que son normalmente interiorizados polos aprendices na inmersión interlingual e intercultural.

6. Referencias bibliográficas:

- AFONKIN, Jurij N. (1976): *Konversationsformeln*. Leningrad: Nauka.
- BRINKER, Klaus; SAGER, Sven Frederic (1989): “Linguistische Gesprächsanalyse. Eine Einführung”, en *Grundlagen der Germanistik* 30. Berlin: Schmidt.
- BONDZIO, Wilhelm (ed.) (1980/1984): *Einführung in die Grundfragen der Sprachwissenschaft*. Leipzig: VEB Bibliographisches Institut.
- BÜHLER, Karl (1934/1965/1982): *Sprachtheorie. Die Darstellungsfunktion der Sprache*. Jena / Stuttgart: UTB Ullstein Taschenbuchverlag.
- BURGER, Harald (coa colaboración de Harald JAKSCHE) (1973): *Idiomatik des Deutschen*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- BURGER, Harald (1998/2003/2007): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt.
- BURGER, Harald; BUHOFER Annelies; SIALM, Ambros (1982): *Handbuch der Phraseologie*. Berlin / New York: Walter de Gruyter.

- COULMAS, Florian (1981): *Routine im Gespräch. Zur pragmatischen Fundierung der Idiomatik*. Wiesbaden: Akademische Verlagsgesellschaft Athenaion.
- DONALIES, Elke (2009): *Basiswissen Deutsche Phraseologie*. Tübingen / Basel: A. France Verlag.
- DUDEN (1976): *Wörterbuch, Band 1. Rechtschreibung*. Mannheim / Leipzig / Wien / Zürich: Dudenverlag.
- (2002): *Wörterbuch 11. Redewendungen*. Mannheim / Leipzig / Wien / Zürich: Dudenverlag.
- ĎURČO, Peter (1994): *Probleme der allgemeinen und kontrastiven Phraseologie. Am Beispiel Deutsch und Slowakisch*. Heidelberg: Julius Groos Verlag.
- FLEISCHER, Wolfgang (1982/1997): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: VEB Bibliographisches Institut / Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- GLÖCKNER, H. (1973): "Die Äußerungsform – eine kommunikative Größe bei der Entwicklung der Gesprächsfähigkeit", en *Deutsch als Fremdsprache* 10, 339-344.
- HENNE, Helmut; REHBOCK, Helmut (1979/1982): *Einführung in die Gesprächsanalyse*. Berlin / New York: Walter de Gruyter.
- HYMES, Dell (1970/1979): *Soziolinguistik. Zur Ethnographie der Kommunikation*. Frankfurt am Main: Suhrkamp.
- ISABEKOV, Siergiej (1972): "O semantičeskoj strukture nemeckich pogovorok (voprosy formal'no-semantičeskoj členimosti)", en *MGPIIJ. Sbornik naučnych trudov*. Volume 71, Moskva, 59-72
- JAKOBSON, Roman (1960): "Linguistics and Poetics: Closing Statement", en SEBEOK, Thomas (ed.): *Style in Language*. Cambridge, MA: Massachusetts Institute of Technology, 350-77.
- KÜHN, Peter (1983): "Pragmatische und lexikographische Beschreibung phraseologischer Einheiten. Phraseologismen und Routineformeln", en WIEGAND, Herbert E. (ed.): *Studien zur neuhochdeutschen Lexikographie IV*. Hildesheim, 175-235.
- (1983): "Phraseologismen: Sprachhandlungstheoretische Einordnung und Beschreibung", en BURGER, Harald; ZETT, Robert (eds.): *Aktuelle Probleme der Phraseologie* (Simposio do 27-29.9.1984 en Zürich). Bern / Frankfurt am Main / New York / Paris: Peter Lang, 121-137.
- LASKOWSKI, Marek (2003): *Semantische und pragmatische Aspekte der deutschen und polnischen Phraseologie*. Zielona Góra: Oficyna Wydawnicza Uniwersytetu Zielonogórskiego.
- LÜGER, Heinz-Helmut (1993): *Sprachliche Routinen und Rituale*. Colección *Aktuelle Probleme der Phraseologie*. Volume 36, Frankfurt / M.: Peter Lang.
- PALM, Christine (1995/1997): *Phraseologie. Eine Einführung*. Tübingen: Gunter Narr Verlag.
- PETZSCHLER, Hermann; ZOCH, Irene (1974): "Die Rolle dialogtypischer Wortverbindungen und Wendungen bei der Vervollkommnung sprachlichen Könnens auf dem Gebiet des dialogischen Sprechens", en *Deutsch als Fremdsprache* 11, 209-216.

- PILZ, Klaus D. (1978): *Phraseologie. Versuch einer interdisziplinären Abgrenzung, Begriffsbestimmung und Systematisierung unter besonderer Berücksichtigung der deutschen Gegenwartssprache*. Volume 2, Göppingen: Alfred Kümmerle.
- REYMONT, Elzbieta (2002): *DACHfenster*. Warszawa: Wydawnictwo Szkolne PWN.
- SOSA MAYOR, Igor (2006): *Routineformeln im Spanischen und im Deutschen. Eine pragmalinguistische kontrastive Analyse*. Wien: Praesens Verlag.
- STEIN, Stephan (1995): *Formelhafte Sprache. Untersuchungen zu ihren pragmatischen und kognitiven Funktionen im gegenwärtigen Deutsch*. Frankfurt am Main / Berlin / Bern / New York / Paris / Wien [*Sprache in der Gesellschaft. Beiträge zur Sprachwissenschaft* 22].
- WAHRIG (1986/1991/1996/1997/2000): *Deutsches Wörterbuch*. Gütersloh / München: Bertelsmann Lexikon Verlag.
- WENZEL, Angelika (1978): *Stereotype in gesprochener Sprache. Form, Vorkommen und Funktion im Deutschen*. München: Hueber [*Heutiges Deutsch*. Reihe 1, *Linguistische Grundlagen*. Band 13].
- WENZEL, Johannes (1972): “Gesprochene Sprache im Konversationsunterricht für Fortgeschrittene – Zur Entwicklung der Sprachfertigkeit mit Hilfe situationeller Strukturen”, en *Deutsch als Fremdsprache* 9, 104-110.
- WIEGAND, Herbert E. (ed.) (1981): *Studien zur neuhochdeutschen Lexikographie*. Hildesheim / New York: Georg Olms.
- WIMMER, Franz Martin (1977): *Verstehen, Beschreiben, Erklären zur Problematik geschichtlicher Ereignisse*. Breisgau / München: Alber.
- WOTJAK, Barbara; RICHTER, Manfred (1993/1988/1997): *Sage und schreibe. Deutsche Phraseologismen. Ein Übungsbuch für Ausländer. (Sage und schreibe. Deutsche Phraseologismen in Theorie und Praxis)*. Leipzig / Berlin / München / Wien / Zürich / New York: Langenscheidt Verlag Enzyklopädie.
- WUNDERLICH, Waldemar (1977): “Phraseologismen – Überkommens und Neugeprägtes in der Sprache unserer Gegenwart”, en *Sprachpflege* 26, 52 e ss.
- WUNDERLICH, Dieter (1979): “Was ist das für ein Sprechakt?”, en GREWENDORF, Günther (ed.): *Sprechakttheorie und Semantik*. Frankfurt: Suhrkamp, 275-324.

Referencias electrónicas:

<http://wortschatz.uni-leipzig.de> [Data de consulta: 30/05/2009]